Atención á Diversidade Capacitativa

Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo ten o propósito de promover unha educación inclusiva, equitativa e de calidade incentivando e garantindo o acceso inclusivo a todos os niveis para as persoas con diversidade capacitiva. Para isto conta con diferentes programas e ferramentas, sendo a máis importante o Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (Piune).

Obxectivo do Piune

Apoiar o estudantado con algún tipo de necesidades ou trastornos de aprendizaxe legalmente recoñecido, implementando adaptacións baseadas en medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas.

Persoas implicadas

- Estudante: presenta voluntariamente a súa solicitude para formar parte do programa Piune. A través da sede electrónica https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/Piune

- Unaten: é a unidade de atención á diversidade, coordina o programa e actuará como principal punto de contacto entre todas as persoas implicadas.

- Profesional (psicóloga/o): Avalía cada caso e emitirá informe coas pautas recomendadas.

- Persoa responsable do programa Piune: en cada centro de estudios (facultade/escola) é a persoa encargada de coordinar e supervisar a implantación das pautas de apoio e de manter contacto frecuente co/coa estudante.

- Persoa voluntaria/ bolseira: é o membro da comunidade universitaria que mediante inclusión no proxecto de voluntariado propio ou a través do programa de bolsas propio desta universidade, colabora para integrar o/a estudante na vida universitaria e no desenvolvemento das súas actividades académicas diarias no centro.

Información do Programa Piune:

https://www.uvigo.gal/campus/diversidade/diversidade-capacitativa-programa-piune

Información sobre Diversidade:

https://www.uvigo.gal/campus/diversidade

Para información e consultas podes dirixirte a:

Sección de Extensión Universitaria

986 813 603 – 986 812 193

diversidade@uvigo.gal